

FINA CASALDERREY

TANA

A INVISIBLE <

e o máis terrible
dos secuestros

Ilustracións de
Lucía Cobo

rodeira

FINA CASALDERREY

TANA

A INVISIBLE <

*e o mais terrible
dos secuestros*

FINA CASALDERREY

TANA

A INVISIBLE <

*e o máis terrible
dos secuestros*

Ilustracións de
Lucía Cobo

rodeira

© Texto: Fina Casallerrey, 2026

© Ilustracións: Lucía Cobo, 2026

© Edición: Rodeira, 2026

Rúa Camiños da Vida, s/n

15705 Santiago de Compostela (A Coruña)

edebe.com

Directora de Publicacións e editora: Reina Duarte

Coordinadora da produción: Elisenda Vergés-Bo

Deseño da colección: Book & Look

1.^a edición, setembro 2026

ISBN: 978-84-8349-896-5

Depósito legal: B. 11812-2026

Impreso en España / Printed in Spain



PEFC/14-38-00352

PEFC Certificado

Este produto
procede de bosques
xestionados de forma
sostible e fontes
controladas

www.pefc.es

Queda terminantemente prohibido calquera uso desta publicación para adestrar tecnoloxías de intelixencia artificial (IA) xerativa. O autor e o editor reservan para si todos os dereitos de licenza de uso desta obra para o citado fin e para o desenvolvemento de modelos lingüísticos de aprendizaxe automática.

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Dirixase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 45).

*A Noema e a Noara,
dous abrochos novos da miña árbore.*

*A ti, que posúes a vontade
de cambiar todo o feo
que hai no mundo.*



Quizais a estas alturas xa me coñezas. Por se acaso, cóntoche...

Son Tana. Vaia, son Caetana. Na miña casa encollemos os nomes coma se fosen xerseis de la metidos en auga moi quente. A papá chamámoslle Xenio, aínda que non viva dentro dunha lámpada marabillosa e no seu DNI apareza «Euxenio». Á tía avoa Fabiana, a científica, dicímoslle Ana, o mesmo que ao avó Basileo, irmán da alma da tía avoa, lle chamamos Leo.

Ao avó ese nome vénlle perfecto, anda sempre cun libro na man coma quen leva unha

botella de auga. O avó Leo ten moita sede de ler.

Á miña irmá, que é bastante máis vella ca min, dicímoslle Lope e non, Penélope.

Tan só miña nai conservou sempre o nome completo: Fe. Se llo encollésemos, desapareceríalle como desapareceu ela un domingo de novembro. Din que dela herdei o medo ás arañas e a paixón pola arquitectura. Encántame fabricar casetos de can!

Celta, a miña cadela, e Ígor, o meu mellor amigo, tamén manteñen o nome enteiro. Ígor ten un segundo nome, Yuri; pero eu só llo chamo cando non me fai caso. A única persoa que incumpre a norma é Hermelinda, a nosa empregada de fogar. A Linda gústalle chamarnos «Lopiña», «Taniña», «Celtiña»...

Por certo, Celta é moi falangureira. Cando alguén pregunta calquera cousa, ela sempre responde «Guau!».

Teño máis ou menos a túa idade. Gústame

o balonmán. Son miúda de corpo e colección todas as alerxias do mundo. Son hipersensible ás persoas que menten sempre, ás que non menten nunca, aos tronos, aos malos momentos de papá... Tamén me dan reacción as plumas de galiña, os pelos de gato, o pole das flores, o das oliveiras e o po que converte os mobles en taboleiros nos que se pode escribir co dedo. Ás veces cústame respirar e, se estou nerviosa, súo moito.

Con todo, antes era unha nena normal, creo... Agora son diferente de todas as demais compañeiras do colexio, do barrio, da vila e ata do planeta enteiro:

PODO FACERME INVISIBLE!

Talvez siga escribindo as miñas fazañas en cadernos íntimos, que só compartirei contigo.

TOP SECRET.

Se te mergullas nestas páxinas, descubrirás como vivín o máis terrible dos secuestros que xamais puidera imaxinar.

E se queres coñecer polo miúdo como conseguín as pastillas da invisibilidade, como descubrín o poder de se multiplicaren só con poñelas ao sol, como detecto cando me empezan a facer efecto ou cando me está a pasar..., e mesmo, se che interesa saber como conseguín o meu traxe de heroína, ou o medallón onde sempre levo un par de pímulas por se as preciso, recoméndoches que leas o meu caderno secreto: *TANA A INVISIBLE, aprendiz de heroína*. E se sentes curiosidade por saber como me enfrontei á vaga de roubos que estragaron a paz de Areamuda o verán pasado, ou como detiven a destrución do planeta en pleno outono, aconséllоче que busques *TANA A INVISIBLE e os peores ladróns do mundo* e *TANA A INVISIBLE e a catástrofe inminente*.

Ah!, se descubro novos poderes, compartireinos contigo, pero non me delates, por favor!

Schsss!

Aínda que comezo a pensar... Vaia, non quero adiantar acontecementos!

Ígor



Linda



Leo



Ana



Fe



Xenior



Lope



Celta



Tana





Unha idea estrambótica




Coma cada ano, o inverno entrara con gana en Areamuda e, aínda que xa comezaban a medrar os días, esa mañá de xaneiro presentouse tan triste coma os ollos de Celta cando lle rifo. Era un día sen día. Na casa tiñamos que estar coas lámpadas prendidas en todo o momento.

Non sei se a ausencia de luz natural pode anunciar unha fatalidade e, como diría o avó Leo, dispón desa conexión emocional que nos

prevén de algo terrible. Ignoro se nos pode mandar sinais que nos permitirían deter unha desgraza. Se algún aviso me enviou a min, non souben interpretalo. Non puiden evitar o que, días despois, se converteu nunha traxedia xigante.

Concentrada no meu aburrimento, asomei á ventá da galería e peguei a fronte ao cristal. A rúa era como unha postal antiga dunha vila deserta. Chovía a chuzos! A auga caía en todas as direccións, o vento zoaba...

Por fin, apareceu unha muller con sombreiro e gabardina. Levaba un maletín parecido ao do avó. O vento empuxábaa igual ca ás follas, mentres ela trataba de sortear as pozas termando do maletín e do paraugas. Un refacho de xistra ousada case a elevou polos aires. Pensei en Mary Poppins, a protagonista dunha peli que vira co avó, e deume a risa.



As luces dos coches debuxaban brillos que se movían a un lado e ao outro. Parecíanse ao aparato de raios láser que usaba mamá para medir espazos aos que non podía acceder. Cando me deixaba xogar con aquela espada luminosa, eu, por arte de maxia, convertíame no Qui-Gon Jinn de *Star Wars*.

«Mamá!». Suspirei e volvín sorrir. Non lembro unha mañá de domingo máis melancólica.



Lope durmira na casa dunha amiga e non regresaría ata a noite... Linda, a nosa asistente, nunca vén os domingos... Papá estaba encerrado no seu estudio, lendo orixinais para un concurso de relatos... O avó Leo, sentado na súa cadeira da galería, un pouco lía e outro pouco repasaba os seus álbums de moe-

das. E eu... Eu tiña un deses días tan parvos que cheguei a pensar que, de verdade, podería morrer de aburrimiento. Necesitaba moverme!

De pronto tiven unha idea peregrina. Quero dicir que tiven unha ocorrencia exótica, divertida, estrambótica!


«E se probase a ver se, estando invisible, son impermeable á chuvia?».

Ninguén ía botarme en falta, así que subín ao meu dormitorio, puxen o meu traxe de heroína e colguei do pescozo o meu estoxo-medallón cun par de pílulas, coma sempre. Achegueime á terraza para me despedir da miña cadela e deume mágoa vela no caseto, afociñada contra chan, tan quieta. Tamén ela estaba aburrida e propúxenlle:

—Queres acompañarme?

—Guau! —aceptou feliz.

Baixei as escaleiras ata o vestíbulo na bi-



queira dos pés. Celta seguiume co mesmo
sixilo. Saímos sen que ninguén reparase en
nós. Na porta do ascensor, coma miles de ve-
ces, cadramos coa veciña do 7º C, a señora
Tuta.

—Uf, está a diluviar! Cae unha nevarisca
tremenda. Traio a cara conxelada e iso que só
fun mercar pan á tenda do lado! Ides saír así,
Caetana?

—Guau!

—Só imos ver a caixa de correo por se hai
algo de correspondencia —mentinlle.

Non podía dicirlle: «Non se preocupe vos-
tede, que eu, cando estou invisible, non sinto
nin frío nin calor. É só para comprobar se
tampouco me mollo».

Abrín o portal do edificio e unha labazada
xeada estoupoume na cara. Ía tanto frío que
me empezou a doer o nariz ao respirar! Eu,
sen facer caso, saquei axiña unha pílula do

estoxo. Quería que lle dese a luz natural e se multiplicase antes de a engulir, pero non pasou nada diso.


Talvez ese fose o sinal do que se me botaría enriba sen tardar moito, pero eu non fun quen de interpretar a advertencia meteorolóxica e razoei á lixeira: «O ceo está demasiado toldado e os raios do sol seguro que non poden atravesar as nubes».



Para o que quería experimentar, abondaba cunha soa pastilla, así que lla dei a Celta, collín a outra no medallón e engulina de vez. Pouco despois sentín esa calor que me sobe dende o peito ata os ollos e o sabor a amorodo na lingua.

—Vamos, Celta!

Estivemos moi pouco tempo á chuvia. Po-



rén, foron uns minutos súper divertidos. Parecía que levase traxe de neopreno. A auga caíame enriba dende todas as partes, pero non sentín en absoluto que me estivese a calar por dentro. Nin frío. Nin calor. Celta tamén estaba contenta. Non podía vela, pero de cando en vez un tornado de auga do seu tamaño soltaba gotas en todas as direccións. A miña cadela convertérase nun aspersor de regar os xardíns.

Moi preto de nós, un neno pequeno xogaba a ser golfiño. Vestía un impermeable transparente con capucha e calzaba unhas botas de goma con peixes de cores. Púxose a batuxar na poza do lado mentres un home, que non paraba de teclear no móbil, sorría dende un portal próximo.

—Papá, mira como salto! Ves?—berraba acotío o neno.

—Guau!

O neno soltou unha gargallada e dixo:
—Que ben ladras, papá! Pareces un can de
verdade!

Foi unha experiencia leda, estrambótica!
Unha idea que nunca debín de poñer en prác-
tica. Hai cousas coas que non se xoga. Agora
seino.

